

## B A S E S

1.- **OBJECTO DA CONVOCATORIA.**- Ten por obxecto a presente convocatoria contratar a un Arquitecto para o Departamento de Urbanismo.

2.- **CONDICIÓNS.**- Duración de contrato: 5 meses (prorrogable ata un máximo de 1 ano).

O horario laboral será de xornada completa.

Percibirá a cantidade mensual de 2.120,95 euros brutos mensuais por todos os conceptos.

3.- **CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.**- Para poder tomar parte na presente convocatoria, os aspirantes deberán estar en posesión, antes do remate de presentación de instancias, dos seguintes requisitos:

- a) Ser español ou posuí-la nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados ós que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos dos artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.
- c) Estar en posesión do Título de Arquitecto.
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.

4.- **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**- As instancias dirixiranse ao Ilmo Sr. Alcalde-Presidente deste Concello, e serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello ata as 13 horas do quinto día hábil posterior, contado a partires do día seguinte da publicación do correspondente anuncio en dous diarios de gran difusión.

Para seren admitidos a tomar parte na convocatoria, os aspirantes manifestarán na instancia que reúnen todas e cada unha das condicións sinaladas no nº 3 destas Bases.

Con ela acompañaranse compulsadas:

- a) Fotocopia do D.N.I.
- b) Certificado médico no que se faga constar que o aspirante non sofre impedimento físico para desempeñar a actividade de referencia.
- c) Fotocopia do título requirido
- d) Xustificante de coñecemento de lingua galega (CELGA 4 ou equivalente) de posuílo.
- e) Xustificante do pagamento das taxas de inscrición ( a cantidade a aboar serán 20,00 euros os cales serán pagados na Tesourería municipal ou a través do seguinte número de conta bancario: BANCO PASTOR ( 0072 0403 98 0000 10 5647); no xustificante de ingreso terá que figurar o DNI do candidato á praza.

5.- **TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

Estará constituído polos seguintes membros:

**PRESIDENTE:**

Titular: D. Rogelio A. Carrera Ares, Técnico de Administración Xeral do Concello da Estrada

Suplente: D Mariano Gómez Ulla Alvarez, Xefe de Servizo do CPAM

## **SECRETARIO**

Titular: D. Luis Lozano Lorenzo, Técnico de Administración Xeral do Concello da Estrada  
Suplente: Dna. Mónica Castro Pérez, Xefa de Servizo de Formación e Seguridade Pública da Xunta de Galicia.

## **VOGAIS:**

Titular: D. Julio Fontaiña Couso, Tesoureiro do Concello da Estrada  
Suplente: Dna. Maruxa Cabaleiro Cuiñas, Interventora do Concello de Cuntis

Titular: Dna. Mónica Neira Mato, Arquitecta do Concello da Estrada  
Suplente: D. Javier Comesaña Pereira, Director do Conservatorio do Concello da Estrada

Titular: Dna. Rita Rivas de la Iglesia, Economista do Concello da Estrada  
Suplente: Dna. Sonia Mateos Escudero, Directora de Xestión da Cidade Infantil Príncipe Felipe.

Os membros do Tribunal poderán recabar o apoio de cantos asesores consideren oportuno.

5.- EXERCICIOS OBRIGATORIOS.- Os interesados presentaranse no lugar, día e hora, fixados no intre da publicación da relación de admitidos e excluídos, aos efectos de levar a cabo unha proba que constará de dúas partes:

### Parte teórica:

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 80 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria (Temarios A e B) durante un período de 90 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, ós efectos da elaboración do mesmo.

### Parte práctica:

Consistirá na resolución dun suposto práctico, por escrito, sobre as tarefas a desenvolver segundo o temario Anexo, nun tempo máximo de 1 hora.

O exercicio, obrigatorio e eliminatorio, será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima media de cinco puntos. Para elo será necesario obter unha cualificación mínima en cada parte (teórica e práctica) de 2,5 puntos

## **PROBA DE GALEGO**

Os aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 4 ou equivalente) terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento.

Quedarán exentos, así mesmo, de realizar a proba específica os aspirantes que opten por realizar o exercicio obrigatorio na lingua galega. Os restantes opositores terán que realizar unha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Serán cualificados como aptos os aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa serán considerados non aptos.

6.- PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E PUBLICACIÓN.- Rematada a proba, o Tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación. A persoa que acade maior puntuación será proposta ó Presidente da Corporación para que faga o nomeamento e se formalice o contrato. Non se poderá propoñer a máis de unha persoa para cada praza convocada.

7.- RECURSOS.- Contra as presentes bases, que remata a vía administrativa, poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante a Xunta de Goberno Local, no prazo de un mes contado a partires do día seguinte ó da recepción da presente. Contra a resolución do recurso potestativo de reposición poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo con sede en Pontevedra, no seu caso, no prazo de dous meses contado a partires do día seguinte ó da notificación da resolución expresa do nomeado recurso. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado a partires do día seguinte ó que se produza a desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, poderá interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo citado ante o órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, sen necesidade de interpoñer-lo recurso potestativo de reposición, no prazo de dous meses contado dende o día seguinte ó da notificación da presente. E, todo isto, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias prantexe a súa aplicación, a cuio efecto poderá adoptar los acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

## ANEXO TEMARIO

### Temario A

1. A Constitución Española de 1978. Características, estrutura e contido. A reforma constitucional.
2. Os dereitos fundamentais: evolución histórica e conceptual. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.
3. Os dereitos económicos e sociais na Constitución Española. Principios da economía social.
4. Democracia directa e democracia representativa na Constitución Española. A participación política. Os partidos políticos.
5. O sufraxio. Formas e técnicas de articulación. A Ley Orgánica de Réxime Electoral Xeral.
6. A Monarquía parlamentaria. A coroa: significado e retribucións. O referendo.
7. As Cortes Xerais. Composición e funcións.
8. O Goberno. Funcións e potestades. Composición, designación e remoción do Goberno e o seu presidente.
9. A función parlamentaria de control do Goberno. Órganos dependentes das Cortes Xerais. O Defensor do Pobo.
10. O Tribunal Constitucional. Organización, composición e atribucións.
11. A organización territorial do Estado: regulación constitucional. Distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas.
12. Os estatutos de autonomía. Significado e contido.
13. O Estatuto de Autonomía da Comunidade de Galicia. Estructura. Competencias.
14. O Parlamento de Galicia: composición, funcións e potestades.
15. O Goberno de Galicia. O presidente da Comunidade e o Consello da Xunta. Composición, designación e remoción. As Consellarías: estrutura básica.
16. Réxime Local Español. Regulación constitucional e normativa xurídica. Liñas xerais de organización do municipio e provincia.
17. O municipio. Historia. Clases de entes municipais no Dereito español.
18. O termo municipal. A poboación. O Padrón de habitantes.
19. Organización e competencias municipais. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados locais.

20. Ordenanzas e regulamentos das Entidades Locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.
21. Autonomía municipal e tutela.
22. Os bens das Entidades Locais. Réxime de utilización dos bens de dominio público.
23. O servizo público na esfera local. Os modos de xestión dos servizos públicos.
24. A Lei de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.
25. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime disciplinario do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

### **Temario B**

1. Evolución histórica do Dereito Urbanístico español.
2. Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido de Lei do solo.
3. Normativa urbanística aplicable na Comunidade de Galicia. A Lei 9/2002, do 30 de Decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.
4. Planeamento urbanístico municipal. Determinacións legais e regulamentarias. Ordenanzas Municipales. Determinacións sobre redes públicas.
5. Réxime urbanístico do solo. Clasificación do Solo. Dereitos e deberes.
6. Plans de sectorización. Determinacións e documentación. Planeamento de desenvolvemento. Plans parciais. Disposicións xerais. Determinacións e documentación.
7. Plans especiais: obxeto, contido e clases. Plans especiais urbanísticos. Especial referencia ós plans de reforma interior.
8. Estudos de detalle. Obxeto e contido. Catálogo de bens e espazos protexidos. Proxectos de Urbanización.
9. Formación de plans municipais. Actos preparatorios. Competencia para a súa formación. Aprobación dos plans municipais. Competencia para a aprobación definitiva. Silencio administrativo. Publicación dos plans.
10. Vixencia, modificación e revisión dos plans. Garantías de fondo e procedemento. Suspensión da vixencia dos plans.
11. Execución dos plans. Requisitos previos á actuación. Ámbito de actuación.
12. Delimitación de polígonos e unidades. Sistema de actuación. Principios xerais da execución dos plans. Substitución do sistema.
13. Distribución equitativa de beneficios e cargas. Áreas de reparto. Aproveitamento urbanístico.
14. O sistema de compensación. Execución directa polos propietarios. Disposicións xerais. Xuntas de compensación. Estatutos e bases. Proxecto de compensación. Execución de obras e cesiones.
15. O sistema de cooperación. Proxecto de reparcelación. Criterios e procedemento.
16. Sistema de expropiación. Disposicións xerais. Procedemento do sistema de expropiación. Pago do xustiprezo. Toma de posesión.
17. O sistema de execución forzosa. Características do sistema. Contido e efectos.
18. Réxime de valoracións do Solo. Criterios xerais de valoracións do solo e demais dereitos.
19. Intervención da Comunidade de Galicia en actos de uso do Solo, edificación e construción. Calificacións urbanísticas.
20. Intervención Municipal en actos de uso do suelo, construción e edificación. Licenzas Urbanísticas. Competencia e procedemento.
21. Inspección urbanística. Órdes de execución, en especial as relativas á conservación e rehabilitación.
22. Protección da legalidade urbanística. Supostos legais e medidas de protección.
23. A declaración legal de ruína. Ruína legal e ruína física. Intervención do arquitecto nos expedientes de ruína. Informes e dictámenes.
24. Instrumentos de incidencia no mercado inmobiliario. Patrimonio público do Solo. Dereito de tanteo e de retracto.
25. Infraccións urbanísticas. Tipos. Sancións. Prescricións.
26. Normativa urbanística do Concello da Estrada .
27. Infraestruturas xerais viarias, redes arteriais e urbanas. Lei de Carreteras da Comunidade de Galicia.
28. Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei de Augas, e Regulamentos de desenvolvemento.
29. Normativa técnica básica de obrigado cumprimento e xustificación nos proxectos de edificación. Condicións térmicas. Condicións acústicas. Condicións de protección contra incendios.

30. Construcións escolares. Instalacións deportivas. Cesións gratuitas de terrenos para estes fins. Condicións que reunirán os mesmos para a cesión.
31. Vivendas sociais. Vivendas de protección oficial. Normativa. Xestión.
32. Zonas libres. Parques e xardíns. Condicións urbanísticas de ordenación. Xestión para obtención de dotacións libres. Criterios de deseños de zonas libres.
33. Criterios de deseño arquitectónico e urbano en conxuntos históricos. Principios teóricos de restauración e rehabilitación.
34. Clasificación e estudo dos terrenos. Naturaleza e composición. Sondeos e análises.
35. Excavacións e explanacións. Modo de realizalas. Aperturas de pozos e zanzas para cimentacións. Entibados, apeos, recheos, terrapléns e taúdes.
36. Lei 7/97, de Protección de contra a contaminación acústica de Galicia e Disposicións

reglamentarias de desenvolvemento.

37. Normativa autonómica en materia de accesibilidade.
38. Lei 3/1996, de 10 de maio, de Protección dos Camiños de Santiago.
39. Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia. Decreto 80/2000, de 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.
40. Normas urbanísticas e culturais na regulación do Patrimonio Arquitectónico.
41. Concepto de Patrimonio histórico, o seu marco constitucional e sistema de pertenza ó mesmo.
42. Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia. Lei 1/95, de 2 de xaneiro de Protección Ambiental de Galicia. Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia.
43. Forxados. Tipos. Características e aplicacións.
44. Cubertas inclinadas. Criterios de deseño. Materiais de cubrición.
45. Cubertas planas. Transitables e non transitables. Impermeabilización e illamento térmico.
46. Cerramentos e carpinterías exteriores. Cerramentos: tipoloxía e características, revestimentos exteriores. Carpinterías: tipoloxía e características.
47. Defensa dos edificios contra os elementos exteriores. Auga, neve, vento, frío, calor e ruído. Materiais illantes: tipos. Impermeabilizantes.
48. Instalación de fontanería. Auga fría e quente. Sistemas e criterios de elección. Execución. Conduccións.
49. Instalacións de saneamento: materiais e sistemas. Redes horizontais e verticais.
50. Instalacións de calefacción e acondicionamento do aire. Sistemas. Instalación. Fonte de calor e produción do frío. Conduccións.
51. Instalacións de electricidade. Iluminación: niveis e tipos. Alumeado de emerxencia.
52. Defensa contra incendios. Materiais ignífugos e a súa protección. Efectos do lume contra as estruturas. Normativa.
53. Recoñecemento de edificios. Clasificación do estado de ruína. Sinales de ruína e medidas de previsión.
54. Acabados interiores. Particións. Pavimentos. Revestimentos en paredes. Falsos teitos.
55. Técnicas de restauración e consolidación de edificios histórico-artísticos.
56. Replanteos en xeral. Definición. Replanteo nun edificio. Útiles empregados. Execución dos traballos.
57. Saneamento e pocería. Materiais e execución. Medición.
58. Fábricas de ladrillo. Execución. Disposicións constructivas, aparellos, medición.
59. Solos. A súa función. Partes de que consta. Elementos resistentes e materiais que se empregan. Pavimentos: clases. Medición.
60. Encofrados. Xeneralidades. Condicións que deben reunir. Materiais e execución. Medición.
61. Pavimentacións especiais en conxuntos histórico-artísticos.
62. Mobiliario en conxunto histórico-artístico.
63. Criterios de deseño e adecuación nos entornos de edificios histórico-artísticos.
64. Os Bens de Interese Cultural na lexislación sobre Patrimonio. Ordenación xeral e especial.
65. A Ley 38/1999 de Ordenación da Edificación. Ámbito de aplicación e requisitos básicos da edificación.
66. O proceso edificatorio na LOE.
67. Criterios de valoración: Principios e definicións. Métodos de valoración.

A Estrada, 16 de xuño de 2011  
O ALCALDE,